



CONTÁCTANOS

Whatsapp: 689 223 212

Correo electrónico:

ceip.rosalia.padron@edu.xunta.es



PLAN ANUAL E REGLAMENTO DO SERVIZO DE COMEDOR 2022-23

CEIP ROSALÍA DE CASTRO. PADRÓN

ÍNDICE

1. Datos de identificación do Servizo de Comedor
2. Xustificación das prioridades do programa
3. Obxectivos educativos
4. Liñas de actuación co alumnado
5. Liñas de actuación co profesorado
6. Liñas de actuación coas familias
7. Medidas organizativas que aseguren a atención educativa do alumno/a.
8. Avaliación do plan anual do servizo de comedor.
9. Regulamento do comedor
10. Listado titulares y suplentes.
11. ANEXOS:
 - Informe de incidencias
 - Informe trimestral de comedor



1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN

1.1 NÚMERO DE COMENSALES POR ETAPA E CICLO

O número de alumnos/as comensales no presente curso escolar é de
do 2º Ciclo de E. Infantil 67
202 de E. Primaria.

1.2 ADSCRICIÓN DE PROFESIONAIS.

RESPONSABILIDADES

Segundo a orde do DOG nº 154 de 2013/8/13 do artigo 8 ao 13 da Consellería de Educación da Comunidade de Galicia son:



DIRECTOR



- Elaborar co equipo directive o protocolo de funcionamento.
- Elaborar unha proposta de orzamento.
- Dirixir e coordinar
- Supervisar
- Autorizar os gastos e contratacións.

ENCARGADO/A DE COMEDOR

- Organizar
- Coordinar e supervisor
- Potenciar e supervisor as actividades de lecer.
- Inventarir e actualizar o equipamento.
- O Consello fai unha proposta dun encargado só en caso de non haber voluntario/a no centro.

COIDADOR/AS



Son 16 (o número dependerá da Administración)

- Coidado do alumnado asignado
- Atención educativa
- Apoio nas activades propostas.
- Axudar aos nenos/as.
- Informar a través do impreso de incidencias.

CONSELLO ESCOLAR



- Aprobar o plan anual del comedor.
- Aprobar o orzamento.
- Aprobar o plan de actividades.
- Aprobar a creación da Comisión de comedor.
- Aprobar os menús.

COMISIÓN DE COMEDOR

- Elaborar o plan anual do comedor.
- Elaborar o orzamento.
- Elaborar o plan de actividades.
- Elaborar os menús

(Os menús serán dacordo do programa de alimentación sa e equilibrada proposto pola Secretaría Xeral. Programar mensualmente. Expoñer na páxina web do centro).

- Velar por cumprir as normas.


1.3 ESPAZOS DISPOÑIBLES

- As aulas e espazos dispoñibles para o servizo de comedor serán : o comedor, o patio de E. Primaria, o patio de E. Infantil, o ximnasio, a biblioteca, a sala de psicomotricidade. Ademais, en caso necesario, utilizarase calquera das aulas do centro.
- Se non chove usaránse as instalacións ao aire libre.
- Se chove, utilizaránse o restos dos espazos.

2. Xustificación das prioridades para o programa anual do servizo de comedor

As prioridades serán:

- A adaptación ao servizo dos máis pequenos.
- A socialización e adquisición dos hábitos correctos na mesa.
- Son obxectivos deste servizo:



- a) Potenciar a interrelación, colaboración, solidariedade e convivencia entre todo o alumnado.
- b) Desenrolar a adquisición de hábitos sociais, normas de urbanidade e cortesía e o correcto uso e conservación dos útiles de comedor.
- c) Traballar a autonomía persoal.

3. Obxectivos educativos do programa de servizo de comedor por etapa e ciclo

- Valorar o traballo dos diferentes profesionais que inciden no servizo.
- Coñecer e respetar as normas que rixen o momento do xantar e os tempos de lecer.
- Adquirir unha actitude positiva na resolución de conflitos entre iguais e en relación cos coidadores/as do comedor.
- Fomentar hábitos básicos de hixiene
- Fomentar unha actitude positiva ante os diferentes alimentos.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN CO ALUMNADO

- Lavarse as mans e ir ao baño co docente da última sesión .
- Acceder ao comedor dunha forma tranquila.
- Non falar coa boca chea.
- Masticar ben antes de tragar os alimentos.
- Utilizar os utensilios de forma correcta.
- Manter unha actitude correcta na mesa.
- Favorecer as relacións interpersonais.
- Coidado e recollida do material no tempo de lecer.
- Se algún alumno/a manifestase signos de estar enfermo ou lle sucedera algún percance , chamarase á súa familia para que pasen a recollelo/a.
- Calquer incidencia acontecida no comedor cos/as alumnos/as, o coidador/a terá que rexistralo por escrito no informe de incidencias . Se pregase unha amonestación urxente, a dirección do centro o faría a maior brevidade posible.
- Potenciarase a realización de actividades lúdicas variadas e amenas para que disfruten aprendendo a través do xogo. Do mesmo xeito, terase en conta as intereses e as curiosidades dos alumnos/as.

5. LIÑAS DE ACTUACIÓN CO PROFESORADO

O profesorado será coñecedor/a,cando sexa preciso, dalgúns acontecementos relevantes no comedor escolar.

6. LIÑAS DE ACTUACIÓN COAS FAMILIAS

- Mensualmente facilitarase os menú correspondente.
- O menú publicarse na páx. web do centro.
- Trasladarase ás familias aquelas incidencias significativas en relación a problemas coa comida ou de comportamento.
- Trimestralmente, darase por escrito ás familias un boletín informativo, onde se recolla información do alumno/a durante este servizo. Elaborado polo coidador/a, entregado ao responsable de comedor, deixando unha copia na Secretaría. Entregado en man ao alumnado por un membro da comisión.


7. MEDIDAS ORGANIZATIVAS QUE ASEGUREN A ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO

Recursos: Os recursos humanos neste curso escolar serán: O equipo directivo, 2 cociñeiras, 2 axudantes de cociña, 16 coidadores/as e un encargado de comedor.

Espazos: Os patios, ximnasio, aula de psicomotricidade e/ou calquera dependencia que se precisara.

Tempos: Do 8 de setembro a o 22 de xuño de 14.35 a 15.45 agás os martes que rematará as 16.30.

Agrupación do alumnado: No espazo de E. Infantil e Primaria haberá ao redor de 4 comensais por mesa.



8. AVALIACIÓN NO PLAN ANUAL DO SERVIZO DE COMEDOR

Anualmente realizarase unha avaliación do servizo de comedor e os resultados recolleráanse na memoria anual do curso.

A Comisión de Comedor será a encargada. No Consello escolar, se así o precisaran, facerán propostas de mellora cara o vindeiro curso.

9. REGLAMENTO DO COMEDOR

O Comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo, que presta o colexio e que contribúe a unha mellora da calidade de ensinanza. Ademáis, de cumprir unha función básica de alimentación e nutrición, desempeña unha destacada función social e educativa, por iso, o comedor escolar está plenamente integrado na vida e organización do centro.

A utilización deste servizo implica a aceptación das súas normas e a obriga do cumprimento das mesmas. O non cumprimento das normas implicaría non poder facer uso deste servizo.

9.1 NORMAS DE FUNCIONAMENTO

- 1.** Todos aqueles alumnos/as que precisen servizo de comedor escolar terá que solicitalo mediante o impreso que lles facilitaran na Secretaría do Centro.
- 2.** Os que precisen pagar o servizo deberán facelo nos primeiros 5 días do mes .
- 3.** O impago de 3 cuotas r será causa de baixa do servizo.
- 4.** A recollida do alumnado levarase a cabo nos portalóns correspondientes de Infantil as 15.45 agás os martes 16.30.
- 5.** A recollida con anterioridade ao remate do servizo será sempre con causa xustificada e realizarase as 15.15. A partires desta hora terá que agardar as 15.45 agás os martes que será as 16.30.
Debe notificalo previamente por escrito ou no whatsapp 689 223 212,



- 6.** Se o alumno/a non vai facer uso do servizo, deberá comunicalo por unha mensaxe de whatsapp 689 223 212, antes das 10.00 am, deixando claramente o nome , causa e data. En caso de non cumprir este protocolo o alumno/a terá que aboar a cuota correspondente.
- 7.** Ningún usuario/a poderá quedarse a xantar a non ser que asistira, ao menos, unha sesión lectiva durante esa mesma mañá.
- 8.** Tras 3 impagos da cuota no mesmo curso, o centro terá dereito a extinguir a prestación do servizo.
- 9.** No caso de intolerancia e/ou alerxias alimentarias a familia ten a obrigatoriedade de informar aportando un informe médico oficial. Se non se fixese así, a responsabilidade derivarase na súa totalidade na familia ou titores/as do alumno/a.

- 10.** O menú deberá ser variado e equilibrado tal como dí a normativa.
- 11.** Contémplase unha dieta blanda para comensales con problemas gastrointestinales transitorios cun previo aviso de 5 horas de antelación do servizo.
- 12.** En ningún caso se administrarán medicamentos a nenos/as que asisten ao comedor. Só as familias responsables coa autorización de dirección do centro pode facelo.
- 13.** Despois do servizo de xantar, o grupo que esté preparado para saír, pode facelo sen ter que esperar por outros grupos.
- 14.** No tempo despois do xantar organizaráanse actividades de lecer tanto físicas coma intelectuales. Terán que deixar todo recollido.
- 15.** Os días de choiva os/as coidadores/as levarán o alumnado de Infantil para a aula de psicomotricidade e ximnasio. O de Primaria, biblioteca e aulas correspondente. Noutras condicións de climatoloxía adversa a Dirección valorará as medidas a tomar.

- 16.** Os usuarios/as durante o prazo dun mes de xeito continuado non fagan uso do citado servizo coa frecuencia solicitada, causarán baixa no servizo.
- 17.** Un ou dous coidadores/as estarán encargados/as de atender a entrega do alumnado as 15.15.
- 18.** Debe de facer un uso axeitado da menaxe do comedor.
- 19.** Deben sentarse axeitadamente.
- 20.** Non se poden empregar os móbiles durante o servizo de comedor tanto de xantar como de lecer.
- 21.** O non cumprimento destas normas causará motivo de baixa no servizo.
- 22.** Os/as coidadores/as son as responsables do material.
- 23.** O grupo asignado ao coidador/a non formará parte o fillo/a.
- 24.** O coidador/a suplente exercerá as funcións do titular.
- 25.** O/a coidador/a consultará as paradas asignadas do seu grupo no taboleiro de anuncios do comedor.
- 26.** O/a coidador/a ao cargo de alumnado en alerta sanitaria será sabedor das pautas básicas necesarias.
- 27.** Se o/a titular non pode facer o servizo, avisará con 12 horas de antelación agás imprevistos.
- 28.** O listado de suplentes será a sorteo.

9.2 NORMAS DE CONVIVENCIA DO COMEDOR

1. Os alumnos/as comensales teñen a obrigatoriedade de respetar ao coidadores/as e persoal de cociña e de seguir as súas instrucións.

2. Os coidadores/as serán os /as responsables do coidado e vixilancia dos alumnos/as comensales.

3. Os coidadores/as atenderás aos alumnos/as comensales co debido respecto e dilixencia, seguindo as normas e comunicando calquer incidencia por escrito no documento específico , informando ao encargado de comedor. O cal o trasladará a Dirección do centro o que informará o/a titor en caso de que sexa necesario.


4. Os sitios son fixos, o cambio deberá ser autorizado por o responsable de comedor.

5. Para chamar o seu coidador/a deberán levantar a man ata ser atendidos/as. Nunca poderán levantarse.

6. Ante actitudes de reiterada indisciplina a comisión de comedor pode autorizar a expulsión, pois o servizo de comedor non é obrigatorio.

ASPECTOS SOCIOEDUCATIVOS

	SEMPRE	CASI SEMPRE	POUCAS VECES	NUNCA
Require axuda para xantar				
Os modales na mesa son adecuados				
respeto a os coidadores/as				
respeto ao compañeiros/as				
participa nas actividades de lecer				
Firma do coidador/a:				



CEIP ROSALÍA DE CASTRO INFORME TRIMESTRAL DE COMEDOR

CURSO:

ALUMNO/A:

TRIMESTRE:

ASPECTOS NUTRICIONAIS

	SEMPRE	CASI SEMPRE	AS VECES	NUNCA
Come 1º plato				
come 2º plato				
come postre				
acepta alimentos novos				
rexeita algúns alimentos				
Observacións:				

INFORME DE INCIDENCIAS

ALUMNO/A: CURSO: DATA: COIDADOR/A: INCIDENCIA:	ALUMNO/A: CURSO: DATA: COIDADOR/A: INCIDENCIA:
ALUMNO/A: CURSO: DATA: COIDADOR/A: INCIDENCIA:	ALUMNO/A: CURSO: DATA: COIDADOR/A: INCIDENCIA:

